

# Nawal el Saadawi



Ilustración: VANESSA SOMOZA

*... o cristianismo, o islamismo e o xudaísmo, as tres relixións monoteístas que dominan o mundo, son un sistema machista, racista, militar e fanático que oprime particularmente ás mulleres e aos pobres.*

Entrevista en El País 26/04/2017<sup>1</sup>

**Data e lugar de nacemento:** Kafr Tahl, Egipto, 1931)

**Dereitos que defende:** a igualdade de dereitos entre homes e mulleres, a protección da infancia.

<sup>1</sup>[https://elpais.com/elpais/2017/04/26/eps/1493157934\\_149315.html](https://elpais.com/elpais/2017/04/26/eps/1493157934_149315.html)

## 1 Biografía

Muller exipcia, naceu en Kafr Tahla, nunha aldea nas ribeiras do Nilo no ano 1931. O seu pai era funcionario do Ministerio de Educación, de ideas conservadoras, e a súa nai, que pertencía a unha familia acomodada e que foi educada na escola francesa, estaba convencida da necesidade de educar tanto aos seus fillos como as súas fillas. Foron nove irmáns, seis mulleres e tres homes e todos recibiron educación ata a chegar á universidade. Naawal el Saadawi estudou medicina na Universidade do Cairo, graduándose en 1955. Así e todo os seus pais, tendo ela 6 anos, fixeron con ela o rito da ablación do clítoris. Ela o conta así:

*Cando tiña 6 años a daya (comadroa) veu cunha coitela na man, sacoume o clítoris de entre as pernas e cortouno. Dixo que era a vontade de Deus e que ela cumprira o seu desexo. (Do libro A filla de Isis)*

Exerceu a medicina durante moitos anos no ambiente rural, axudando esta experiencia a conformar as súas ideas en contra da ablación e en defensa das mulleres. Foi directora de Saúde pública en Exipto de 1966 a 1972. Entre os anos 1979 e 1980 foi conselleira para a ONU para o programa Mujeres de África. No ano 1981 foi ao cárcere, xunto con outros moitos obxectores do Tratado de Paz de Xerusalén asinado polo presidente Anwar al-Sadat. Foi liberada despois do asasinato de Sadat. No ano 1991 marchou exiliada durante varios anos a EEUU, onde estivo impartindo clases en universidades, debido a persecución islamita.

Escribiu moitos libros sobre o papel da muller no islam, especialmente sobre a práctica da mutilación xenital feminina na súa sociedade. A súa obra máis coñecida é *Muller en punto cero*, na que fala da prostitución. Nunha entrevista onde se lle preguntaba polo libro e pola súa opinión sobre a prostitución como escravitude, ela responde:

*Depende. A protagonista de Muller en punto cero liberase da escravitude á que a somete o seu marido grazas á prostitución. Estiven con ela tres horas. Foi executada. Pero contoume a súa demoledora historia. Por iso escribín o libro.*

Naawal el Saadawi escribiu numerosas novelas e contos, moitas veces usando a súa propia experiencia para tratar temas controvertidos como a mutilación do clítoris, o uso do veo, o aborto, o matrimonio ou o empoderamento das mulleres, así como as cuestións anticoloniais. Entre as súas obras máis destacadas están: *Memorias dunha Doutora*, *A Face Oculta de Eva: A Muller no Mundo Islámico*, *A Muller no Punto Cero*, *Memorias desde o Cárcere de Mulleres* ou *Unha Filla de Isis*.

A súa obra foi publicada en moitas antoloxías e está traducida a máis de 20 linguas. Sempre figura entre as autoras candidatas ao premio Nobel de literatura.

### **Recoñecementos**

- ⑩ 1974: Premio Literario polo Consello Superior das Artes e das Ciencias Sociais, en Exipto.
- ⑩ 1982: Premio Literario da Asociación da Amistade Franco-Árabe, Francia.
- ⑩ 1988: Premio literario de Gubran (Asociación Árabe dos Premios de Australia).
- ⑩ 2003: Premio Internacional Cataluña, dado pola Generalitat de Catalunya.
- ⑩ 2004: North-South Prize, dado polo Consello de Europa.
- ⑩ 2005: Gañou o premio Inana Internacional en Bélxica.
- ⑩ 2010: Doutorado Honoris Causa por la Universidade Nacional Autónoma de México, tamén Honoris Causa en 2011 en Vrije Universiteit de Bruselas (Bélxica) e na Université libre de Bruxelles, en Bélxica.
- ⑩ 2011: Gañou o premio na categoría de internacional da XIV edición dos Premios Mulleres Progresistas da Federación de Mulleres Progresistas, Madrid e o premio Stig Dagerman (Suecia)
- ⑩ 2012: Premio da paz Seán MacBride, entregado polo International Peace Bureau.